

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 9 de outubro de 2017, acordou emitir o informe, que literalmente se transcribe a continuación, sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia do “Descenso Internacional do Miño”, no concello de Tui:

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 5 de outubro de 2017 o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia do Descenso Internacional do Miño, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud do 5 de abril de 2017.
- Acordo Plenario do 23 de marzo de 2016
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Pontevedra, do 28 de setembro de 2017
- Informe da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 28 de setembro de 2017

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítese este informe sobre a declaración do Descenso Internacional do Miño como Festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as Festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A afluencia de visitantes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

- **Antigüidade e continuidade no tempo:** Segundo a memoria presentada a primeira referencia sobre competicións de piraguas no río data do ano 1934. Neste ano, as festas de San Telmo se celebrarían no mes de xuño para contar con bo tempo. As regatas no río con diferentes embarcacións como botes e chalanas será algo habitual, ao que se lle sumará a presenza de piraguas, antes da súa inclusión como deporte olímpico nas Olimpíadas de Berlín de 1936.
- **Valor cultural:** O evento promociona a práctica do deporte e desenvólvese nunha paraxe única, o Río Miño. Xúntase a memoria do historiador tudense Suso Vila Pérez que indica todos aspectos referidos ao evento dende os seus comezos.
- **Arraigamento:** Trátase dun evento deportivo que se remonta ás festas do ano 1891 no que se facían regatas de chalanas e botes e que se ía repetindo nos anos posteriores. Sinálase a participación da poboación local nos distintos actos da festa ao longo das distintas edicións.
- **Singularidade:** A singularidade deste evento respecto a outros do mesmo carácter ven dada pola paraxe na que se desenvolve. O Miño ao seu paso polo concello de Tui deixa ver fermosas paixaxes en ambas marxes do río. O evento desenvólvese por lugares emblemáticos como as illas, a praia de Guillarei, a Metralla, a Comandancia da Marina e o paseo fluvial.
- **Accións promocionais:** Segundo a documentación que consta no expediente realizáronse diferentes accións promocionais entre as que sinalan:
 - Prensa: Faro de Vigo, La Voz de Galicia, El Progreso, Xornal 21 e outros medios dixitais
 - Reparto de carteis e flyers informativos.
 - Rolda de prensa de presentación do evento
 - Radio municipal de Tui

Polo exposto, o evento para o que se solicita a declaración cumpre os requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

2. Criterios de valoración

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

a) A facilidade de acceso: O concello de Tui atópase na zona sur de Galicia, a 36 km de Vigo e a 55 de Pontevedra. Está xusto a carón de Portugal polo que conta con bos transportes ao país veciño a través da A-55.

Ademais de autobuses hai dúas estacións de tren: a estación Central de Tui que enlaza con Vigo e Portugal e a estación de Guillarey.

Dispón así mesmo de estruturas aeroportuarias, xa que a 25 km está o aeroporto de Peinador, así como conexións por mar.

Así mesmo a zona de control e chegada dispón de áreas para aparcamento, na memoria xúntanse fotografías dos accesos por estrada e localización destas áreas.

b) A estética: O Descenso Internacional do Miño desenvólvese nunha paraxe de celebración única, o Río Miño, coa saída do descenso internacional dende a ribeira de Salvaterra do Miño e de Monçao e a saída do descenso popular dende a ribeira de Caldelas. A chegada de ámbalas dúas probas faise nas instalacións deportivas de piragüismo e remo de Tui, a entrega de trofeos no Paseo da Corredoira de Tui, e o remate final coa festa gastronómica e os concertos no mesmo paseo.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Trátase dun evento deportivo que se remonta ás festas do ano 1891 no que se facían regatas de chalanas e botes e que se ía repetindo nos anos posteriores.

Nas festas de 1934 temos a primeira referencia sobre competicións de piraguas no río. Neste ano, as festas de San Telmo se celebrarían no mes de xuño para contar con bo tempo. As regatas no río con diferentes embarcacións como botes e chalanas será algo

habitual, ao que se lle sumará a presenza de piraguas, antes da súa inclusión como deporte olímpico nas Olimpíadas de Berlín de 1936.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: O Miño ao seu paso polo concello de Tui deixa ver fermosos paraxes en ambas marxes do río. O evento desenvólvese por lugares emblemáticos como as illas, a praia de Guillarei, a Metralla, a Comandancia da Marina e o paseo fluvial.

O concello de Tui conserva íntegra a súa peculiar arquitectura defensiva da época medieval na fronteira con Portugal. O evento descorre así por lugares de importante interés natural, paisaxístico e histórico.

O punto de contemporaneidade neste entorno o pon a ponte internacional que une Tui con Portugal que foi deseñado e construído por un discípulo de Alexandre Gustave Eiffel a finais do século XIX

e) A calidade dos actos que configuren a celebración: Ademais dos actos que compoñen o evento deportivo, Descenso popular do Miño e Descenso Internacional do Miño realizáanse outras actividades:

- **Romaría popular na ribeira de Caldelas.** Nesta zona instálanse distintos postos de comida, para que os participantes poidan empezar a gozar dunha xornada lúdica-deportiva-gastronómica, coas actuacións de grupos folclóricos locais e djs.

- **Festival Gastronómico.** Instálanse no Paseo da Corredoira de Tui os postos con mais de 15 stands de asociacións culturais tudenses, que ofrecen produtos típicos galegos a prezos populares, coordinados pola Concellería de Cultura do concello.

A partir das 21.00 horas, no palco instalado ao carón dos *stands* gastronómicos, realízase o acto de entrega de trofeos dos gañadores do Descenso Internacional do Miño que conta con diferentes persoas do mundo da política e do deporte.

- **Concertos.** Ao remate da xornada comezan os concertos de música programados pola Concellería de Cultura do concello.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento: Dende os primeiros tempos ata a celebración actual, este evento tivo un pulo importantísimo tal como se reflicte na memoria, así ademais de manter a organización e desenvolvemento do descenso do Miño, o Club Kayac Tudense fíxose cargo dende o ano 1996 da organización da Copa Presidente da Xunta en K-4.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes: Na memoria que se xunta indícanse as infraestruturas utilizadas na celebración do Descenso Internacional do Miño:

1. Zona de control de chegada

A zona de control e chegada se ubica nas instalacións do Centro Especializado de Tecnificación Deportiva de Remo e Piragüismo de Tui, no Centro Municipal de Piragüismo “Enrique Míguez” e no Centro Municipal de Remo, na rúa Olímpicos Tudenses.

Esta área dispón de todos os espazos necesarios para a realización da actividade, como zonas de aparcamento, de recollida de dorsais, vestiarios adaptados e duchas, oficinas, cafetería, etc.

Así mesmo, no Centro Municipal de Remo está o pantalán de acceso ao río.

2. Zona da Romaría e saída do Descenso Popular en Ribeira de Caldelas

3. Zona de saída do Descenso Internacional en Salvaterra do Miño

En canto á oferta aloxativa, os concellos de Tui e Salvaterra do Miño contan cos seguintes establecementos:

	Tui		Salvaterra de Miño	
	Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas
Hoteis	9	535	1	19
Turismo rural	4	35	2	17
Vivendas de uso turístico	3	14	1	6
Albergues turísticos	5	101		
Pensións	5	88		

Total	26	773	4	42
-------	----	-----	---	----

h) A afluencia de visitantes: Segundo se indica na memoria presentada de acordo coas actas de participación na proba federada e nos rexistros de inscrición da proba popular, no ano 2016 participaron na proba federada 595 asistentes e no evento popular 755.

O público total entre os eventos deportivos, a festa gastronómica e a asistencia aos concertos calcúlase en 6.350 persoas.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: Para a realización dos diferentes actos vinculados ao evento cóntase coa colaboración da sede de Deporte Galego da Xunta de Galicia en Vigo, a Federación Galega de Piraguismo, a Deputación de Pontevedra, a Comandancia Naval do Miño así como o Club Kayac Tudense. Cóntase tamén co apoio da Cruz Vermelha de Valenca e os bombeiros voluntarios de Valenca, ademais da colaboración das empresas privadas patrocinadoras e a poboación da zona en xeral.

A declaración do Descenso Internacional do Miño como Festa de Interese Turístico de Galicia resulta pertinente por contribuír ao desenvolvemento económico e social da zona é suporá unha posta en valor dos recursos turísticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, o Consello do Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia do evento “Descenso Internacional do Miño”.